

Diego Ameixeiras

Espertar pola mañá

manuel vidal villaverde

En Ourense o Barbaña, de nostálicas evocacións discorre canso ao encontro do tempo escabullado, e cabo del falo con Diego Ameixeiras, un narrador aínda novo pero sólido, que sabe perfectamente o que escribe, o que quere escribir. Xornalista de oficio, o ano pasado publicou a súa primeira novela, influido polos grandes autores do xénero, c'est-à-dire, pola "novela negra", un xénero que ceais iniciou Shakespeare, mutatis mutandis, por moito que sorprenda esta afirmación ao benintencionado lector. El, na súa cidade psicoactiva creou ao detective Horacio Dopico.

—Que había antes disto, Diego?

—Relatos, apuntes, cousas que non publiquen, pero que algún día revisarei para publicar, aínda que non sei moi ben cando. De momento estou neste mundo da novela, e xa teño entregada a segunda, co detective Dopico, e outra volta ambientada en Ourense.

—E non o farás saír da cidade das Burgas?

—Polo de agora aínda non; claro que ao mellor xorde algunha situación que o leva a outras xografías.

—E que título leva esta segunda, Diego?

—"O cidadán do mes", douche a primicia, para que vexas.

—Desvelas algún misterio?

—Misterios domésticos, Manuel. É unha novela de intriga policíaca, e non sei en que medida podería resultar enigmática.

—Vas camiño dunha triloxía verbo do detective Horacio?

—Ceais sexa algo máis que unha triloxía. Xa estou a traballar na terceira. O detective Horacio Dopico é dunha tenacidade incombustible, de maneira que, por encarga, traballa noutros trasuntos, de xeito que teré que contalos en futuras novelas.



O xornalista e escritor ourensán Diego Ameixeiras.

"Non son moi amigo de actitudes moralizantes; o lector ten que ler libremente, porque o autor non é quen para tentar influir"

—Algunha mensaxe?

—Mensaxe exactamente non, non son moi amigo de actitudes moralizantes; o lector ten que ler libremente, porque o autor non é quen para tentar influir. Quen le sempre ten que ler dende a súa independencia, autonomamente, por así dicilo.

—Se che escapan as personaxes das mans?

—As personaxes non, porque

son produto da miña imaxinación. Si que ás veces xurden situacións que un non tiña previstas pola evolución da propia escrita, porén, procuro controlar o tempo con certa precisión, pero non exento de sorpresas que a min non me sorprenden, porque é como se soubera de antemán que ían suceder.

A tarde reflicte na paisaxe o gris melancólico do Barbaña. O detective Horacio traballa noutro caso.

Inta fresca

"Contra a síndrome N.A.A.", V. Pérez Prieto

En Xerais, ensaio, "Contra síndrome N.A.A. (No hai Ningunha Alternativa)". Victorino Pérez Prieto plantexa unha aposta pola esperanza. "Non hai Ningunha Alternativa" nace de imposición nos últimos anos do que se deu en chamar pensamento único, global; esa concepción do mundo, da vida, da política e da economía que nos quere convencer de que hoxe xa non hai máis ideoloxía viable que a ideoloxía neoliberal. Como o letreiro que Dante puxo na porta do inferno, compre "abandonar toda esperanza". O libro nega radicalmente este fatalismo.

"Xohán Casal", Teresa Bumúdez

En Edicións Xerais de Galicia, 258 páxinas. Na reconhecida "Biblioteca das Letras Galegas", Teresa Bermúdez preparou esta edición que hoxe presentamos. A prosa intensa de Xohán Casal é un profundo berro ante a vida e a morte, ante a soidade, o amor e a locura, ante o aleitamento e sempre ante Galicia. Para Casal, a literatura era o instrumento supremo de comunicación e redención vital. Esta edición presenta novas perspectivas sobre "O Camiño de abaixo", nunha aproximación actualizada pola rigorosa análise dos relatos deste autor excepcional.

"Emilio Álvarez Blázquez" Miro Villar

En Xerais, "Biblioteca das Letras Galegas", prólogo de Xesús Alonso Montero, edición de Miro Villar. Emilio Álvarez Blázquez (Tui, 1919-Vigo, 1988) é unha figura a reivindicar, tanto polos valores intrínsecos da súa obra poética e narrativa como polas dimensións que acadaron o seu fondo humanismo e as súas insubordinables convencións galeguistas. Reúne "Poemas de ti para min" e "O tempo desancorado" (a súa poesía e os seus textos en prosa). Esta edición remata cun apéndice que explica os valores da creación literaria de Emilio Álvarez Blázquez.